



Amigos en tempo real

Autor: Ramiro J. Álvarez

Editorial: Galaxia

Antón ten unha perna ortopédica. Cando os amigos xogan ao fútbol na praza vermella el fai de porteiro. Pero por non abusar da súa eiva física,

todos fallan aínda as ocasións claras de gol. Teñen que buscar unha alternativa para que el estea entretido mentres eles lle dan á pelota de goma.

Cando abre “o mundo da informática” aparece a solución: nun chat coñece a unha rapaza mexicana, filla de diplomáticos e por iso sen amigos en ningunha parte, que cumpre doce anos o mesmo día ca el. Comeza entón unha franca amizade que algún día ha servir para que se coñezan persoalmente.



Mi casa es tu casa

Autor: Marie-Thérèse Schins / Leticia Ruifernández

Editorial: Edelvives

Sandra, unha nena de 12 anos, recorrerá nunha viaxe unha parte de África occidental acompañando o seu pai que é xornalista. A

través da súa voz, o lector vai tomando contacto cos seus descubrimentos, a sorpresa de outros modos de vivir, costumes que lle resultan estrañas e a súa propia evolución persoal ao longo da súa estancia nun continente tan diferente de Hamburgo, a cidade de onde ela procede.



O castrón de ouro

Autor: Darío Xohán Cabana


Editorial: Libro verde

Velaquí un libro que fala de épocas pasadas traídas ao presente.

Tristán ten ansias de liberdade.

Con esa equipaxe de desexos,

inicia unha viaxe na que ha atopar ao Castrón de Ouro, un mítico personaxe que, coma o protagonista deste libro, tamén fixo da liberdade a súa bandeira.



**Biblioteca do IES
“As Mariñas”
Betanzos**



Boas festas!

Felices libros!

O agasallo dun libro, ademais de obsequio, é un delicado eloxio




O Raio Veloz

Autor: Agustín F. Paz


Editorial: Planeta-Oxford

Cando Adrián entrou a traballar na empresa de mensaxaría O Raio Veloz, non podía imaxinar o que o agardaba. Montado na súa moto de repartición, Adrián vivirá

aventuras insólitas. E a maior chegará cando comece a recibir na súa casa unha serie de mensaxes misteriosas. Quen llas envía e para que? Unha historia de amor onde o protagonista, querendo cambiar o mundo, axuda a todo aquel que o necesita e ao final, sen buscalo, recibe todo o amor entregado.



Algunhas propostas de agasallo



El viaje de la evolución (El joven Darwin)

Autor: Vicente Muñoz Puelles

Editorial: Anaya

Este entretido libro conta a vida e obra do naturalista inglés

Charles Darwin con rigor histórico e científico. A súa lectura descóbrenos a interesante figura deste xenio da bioloxía, que percorreu o mundo para escribir distintos libros.



O saco de Simón

Autora: Anne Fine

Editorial: Xerais

Faltan once días para o grande experimento dos nenos da fariña. Os rapaces están listos para guindar á canle a patadas os seus nenos de tres quilos de fariña, pero Simón non. O moneco de Simón está axudándolle a entender a súa propia vida: por que o abandonou o seu pai e o forte que foi a súa nai por telo criado soa.



Intercambio cun inglés

Autora: Christine

Nöstlinger

Editorial: Planeta– Oxford

Ao chegar o verán, a nai de Ewald decide que un curso de verán en Inglaterra lle será de moita axuda. Grazas á colaboración da súa irmá, Ewald consegue librarse da

viaxe a cambio de recibir un rapaz inglés de intercambio. Pero a chegada de Jasper traerá moitas sorpresas.

Obra creada desde a emoción e a intención, dirixida a explicar o porqué de moitas situacións familiares.



Potilla y el ladrón de gorros

Autora: Cornelia Funke

Editorial: Siruela

Un día no bosque, Arthur coñece a Potilla, unha fada caprichosa e malhumorada que necesita a súa axuda para salvar o seu pobo. Ambos protagonizan un conto de fadas atípico, no que se inverten os

papeis e é o humano o que socorre e soluciona os problemas do ser máxico.

Lembrede que podeades facervos socios da biblioteca do instituto e levar en préstamo libros, películas e Cds de música.

Para máis información do noso catálogo e das novidades que se reciben consultar na páxina da biblioteca:

<http://bibliotecamarinas.googlepages.com/>



Wampir va al colegio

Autor: Joann Sfar

Editorial: Alfaguara

Vampir, fillo do holandés errante e dunha vampiresa, abúrrese na casa a pesar de estar en compañía dos monstros e

do seu can Fantomate. Quere ir ao colexio. O malo é que ten que ir de noite e así nunca terá amigos da súa idade. No medio do aburrimiento, Vampir comezará a recibir unha serie de misteriosos mensaxes secretos. A través deles coñecerá a Michel, un neno humano que o enredará nun montón de aventuras.



O Caderno azul

Autora: An Alfaya

Editorial: Xerais

O caderno azul é un libro moi emotivo centrado no tema do contaxio da SIDA, por unha transfusión de sangue, nunha nena de once anos. Ambientado na cidade de

Vigo, a protagonista, Ánxelica, vai escribindo no caderno azul que lle regalou o seu avó os seus sentimentos máis profundos. A historia váisenos desvelando ao longo das catro estacións do ano, en anaqueños moi breves, cunha linguaxe moi sinxela. Texto valente, verosímil, ben construído, reivindica sen sentimentalismos maniqueos os valores da amizade e a solidariedade entre os preadolescentes, acentuando o necesario respecto á diferenza con todas aquelas persoas que padecen a SIDA.